

**Dona Paula M.<sup>a</sup> Vázquez Carrasco, OFICIAL MAIOR DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.**

**C E R T I F I C O** : Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 23 de outubro de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"2. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA E CONVOCATORIA DE LICITACIÓN PÚBLICA DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN E EXECUCIÓN DA CABALGATA DOS REIS MAGOS DE 2020" (EXPTE.: AVS 05101 19/11), E ACORDOS COMPLEMENTARIOS. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2019116502). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Contratación, que textualmente di:

"Con data do 21/10/2019, a xefa de Sección de Contratación emitiu o seguinte informe-proposta sobre o asunto:

*"O concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes, Turismo e Festas remitiu á Unidade de Contratación a solicitude de inicio do expediente de contratación do SERVIZO DE PRODUCCIÓN E EXECUCIÓN DA CABALGATA DOS REIS MAGOS DE 2020 xunto con Prego de Prescricións Técnicas redactado polo arquitecto técnico municipal don Felipe Cotovad Martínez en data 18/10/2019 e a restante documentación preparatoria.*

*Constan incorporados ao expediente a memoria xustificativa da necesidade do contrato asinada polo xefe de servizo da Área promotora na que se describe o obxecto do contrato e a súa idoneidade, a xustificación da non división en lotes do seu obxecto, o informe de insuficiencia de medios propios que xustifica a contratación externa, a providencia de inicio do concelleiro da Área, a xustificación do orzamento de licitación con desglose de custes, os pregos de prescricións técnicas de data 18/10/2019, os pregos de cláusulas administrativas de data 21/10/2019 e informe xurídico do departamento de contratación de data 21/10/2019 conformado pola Secretaría Xeral.*

*Segundo consta na documentación remitida, o Concello de Ferrol ten previsto levar a cabo un evento festivo na noite anterior ao día de Reis en resposta á demanda dos veciños con vistas a ofrecer ao público infantil, xuvenil e adulto, a tradicional Cabalgata de Reis Magos arraigada na tradición navideña, como elemento e ilusión para os nenos e nenas e como elemento de participación, integración e convivencia entre os veciños, combinando elementos decorativos como o desfile de carrozas e disfraces en favor da variedade de estilos e diversidade cultural.*

*O orzamento do contrato ascende á cantidade de 59.899,55 € (21% IVE incluído) para a Cabalgata de Reis de 2020 con posibilidade de prórroga para a Cabalgata de Reis 2021. Atendendo aos prazos de execución, o expediente seguirá a tramitación anticipada prevista no*

artigo 117.2 e DA3ª apartado segundo da LCSP, polo que o recoñecemento das obrigas dimanantes do contrato se condicionan á efectiva consolidación dos recursos que deban financiar o contrato no vindeiro exercicio.

De acordo coa proposta formulada polo departamento promotor, atendendo ás características do contrato e aos prazos de execución, o procedemento a seguir será o aberto simplificado previsto no artigo 159 LCSP con pluralidade de criterios de valoración obxectivos e subxectivos consonte o disposto no artigo 145 LCSP. Atendendo ao establecido no apartado terceiro da DA 15ª LCSP, na presente licitación a presentación de ofertas non se levará a cabo por medios electrónicos atendendo ao informe específico de data 22/06/2018 incorporado ao expediente, non resultando posible demora a contratación atendendo aos propios prazos de inicio da execución.

Visto o expediente instruído e a documentación que o integra, previo informe de fiscalización favorable da Intervención Municipal, e de conformidade co establecido nos artigos 116, 117 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, propónselle ao concelleiro da Área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, CRI e Organización Interna a elevación á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente en virtude da delegación conferida polo Alcalde mediante Resolución de data 8 de xullo de 2019 (BOP nº 137 de 22/07/2019), da seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación administrativa do SERVIZO DE PRODUCCIÓN E EXECUCIÓN DA CABALGATA DOS REIS MAGOS DE 2020 outorgándolle o seguinte número de expediente (AVS 05101 19/11).

SEGUNDO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescripcíons Técnicas que rexerán a presente contratación.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto correspondente a dita contratación por importe máximo de 59.899,55 € (21% IVE incluído) con cargo á aplicación orzamentaria 05101 3381 22699, seguindo a tramitación anticipada prevista no artigo 117.2 e DA 3ª da LCSP, de xeito que o recoñecemento das obrigas derivadas do presente contrato queda condicionado á habilitación de crédito adecuado e suficiente no vindeiro exercicio para facer fronte aos gastos derivados da presente contratación.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado consonte o disposto no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con pluralidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria nas condicións e prazos indicados nos Pregos e proceder á

publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante do órgano de contratación aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

QUINTO.- Dispensar a utilización de medios electrónicos para a presentación de ofertas no presente procedemento polas razóns reflectidas no informe específico de data 22 de xuño de 2018.

*Non obstante, vostede decidirá o que considere máis axeitado"*

Examinada a proposta transcrita xunto coa documentación acompañada e visto o informe de fiscalización favorable da Intervención Municipal, propónselle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación administrativa do SERVIZO DE PRODUCCIÓN E EXECUCIÓN DA CABALGATA DOS REIS MAGOS DE 2020 outorgándolle o seguinte número de expediente (AVS 05101 19/11).

SEGUNDO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescripcóns Técnicas que rexerán a presente contratación.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto correspondente a dita contratación por importe máximo de 59.899,55 € (21% IVE incluído) con cargo á aplicación orzamentaria 05101 3381 22699, seguindo a tramitación anticipada prevista no artigo 117.2 e DA 3ª da LCSP, de xeito que o recoñecemento das obrigas derivadas do presente contrato queda condicionado á habilitación de crédito adecuado e suficiente no vindeiro exercicio para facer fronte aos gastos derivados da presente contratación.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación mediante procedemento aberto simplificado consonte o disposto no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con pluralidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria nas condicións e prazos indicados nos Pregos e proceder á publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante do órgano de contratación aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

QUINTO.- Dispensar a utilización de medios electrónicos para a presentación de ofertas no presente procedemento polas razóns reflectidas no informe específico de data 22 de xuño de 2018".

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita.

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Iltmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións

Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE